

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-550.
(OUTES)**

1. Obxecto da actuación

A actuación prevista no presente proxecto, ten como finalidade o fomento da mobilidade sostible no ámbito de actuación considerado, e comprende a creación dun itinerario mixto peonil-ciclista, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 62+120 e 64+410, na estrada AC-550, que une o núcleo rural de Viro e o núcleo urbano de A Serra de Outes, no concello de Outes, provincia da Coruña.

2. Plan de Estradas

A estrada AC-550 Cee (AC-552) - Ribeira (AC-305) no seu treito comprendido entre os PP.QQ. 62+120 e 64+410 pertencente á Rede Local das estradas convencionais da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG).

3. Descrición da actuación

A senda executarase en paralelo á estrada AC-550, pola marxe esquerda entre os PP.QQ. 62+120 e 62+200 e pola marxe dereita, entre os PP.QQ. 62+185 e 64+140. Partirá das beirarrúas do núcleo rural de Viro ata alcanzar as beirarrúas existentes ao comezo da travesía urbana de serra de Outes.

A senda terá un ancho medio de 2,50 m e irá 10 cm elevada sobre a beiravía, agás nos accesos que se elevará 2 cm. Inclúirase, tamén, un prisma de canalización de telecomunicacións baixo a senda cun número variable de tubos de polietileno (entre 2 e 4) de 75 mm de Ø.

4. Características técnicas

Seccións:

Senda: Variable (2,00 - 2,50 m incluído o bordo)

Beiravía: 0,50 m

Bordos: bordo estético que delimita a calzada: 22 x 17 cm e 1 m de lonxitude. Bordo para contención de terras nas zonas de desmonte: 25 cm de altura (nos treitos entre os PP.QQ. 63+900 e 63+910 e 63+920 e o 63+940).

Firmes:

- **Senda:** pavimento de formigón HF-4.0 bicapa (14 cm), capa superior de cor terrizo (6 cm) e 8 cm de cor gris. Empregarase pavimento podotáctil nos cruces coas estradas municipais.

- **Entradas e accesos a fincas:** pavimento monocapa de formigón HF-4,0 de 20 cm de espesor en cor terrizo e con mallazo electrosoldado de aceiro de 15x15x10.

- **Firme da AC-550:** entre os PP.QQ. 62+340 e 62+385, levantarase a beiravía contigua á senda para darlle a pendente necesaria para a drenaxe e aumentar o seu ancho ata os 0,5 m; no P.Q. 63+765 (calzada) demolerase o firme da calzada actual para substituír os tubos que canalizan o rego de Brión. A reposición realizarase con:

- Beiravía: base de saburra artificial (20 cm) e capa de rodadura de formigón HF-4.0 (21 cm).
- Calzada: base de saburra artificial (20 cm) + capa de formigón HF-4.0 (21 cm) + capa de rodadura de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC-16 surf BC 50/70 S (5 cm).

Drenaxe:

En paralelo á calzada disporanse sumidoiros na beiravía, cada 25 m, que conducirán a escorrenta a un colector de pluviais que se colocará baixo a senda. Instalaranse pozos de rexistro cada 50 m como máximo.

En relación a drenaxe transversal prevese a ampliación dos tubos existentes así como a retirada de dous tubos de 1.000 mm de Ø que canalizan o rego de Brión (P.Q. 63+735), e a súa substitución por dous marcos de drenaxe prefabricados de 2 m x 1 m.

5. Poboación Servida

Outes 5.998 hab.

TOTAL 5.998hab.

6. Concellos Afectados

Outes

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 98 fincas no concello de Outes

Orzamentos bens 19.275,00 €

Orzamento terreos 58.810,26 €

5% de afección 3.904,26 €

Orzamento total expropiacións 81.989,52 €

8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 1.300.306,60 €


Orzamento Servizos afectados 20.530,91€

Orzamento Expropiacións 81.898,52 €

Control e Seguimento Ambiental 6.000,00 €

Orzamento para coñecemento da administración 1.408.827,03 €

PLANOS DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO

